

informa favorablemente.

5. O Servizo de Programación e contratación informa favorablemente con data 22 de novembro de 2022.

6. Con data 22 de novembro de 2022 a Xefatura Territorial da Consellería informa favorablemente a autorización da desafectación do ben que se cita no antecedente 1 e traslada o expediente a esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. De conformidade co establecido no apartado 2 da disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e no artigo 6 do Decreto 250/1988, do 21 de xullo, que regula o dereito a casa-habitación do profesorado de educación xeral básica (DOG do 2 de setembro de 1988), é preceptiva a autorización previa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que os edificios escolares poidan destinarse a outros servizos ou finalidades.

2. O artigo 1 do Real decreto 605/1987, do 10 de abril, sobre procedemento de autorización previa á desafectación dos edificios públicos escolares de propiedade municipal (BOE do 9 de maio de 1987), establece que a autorización da desafectación só poderá ter lugar cando o inmoble deixe de ser necesario, en todo ou en parte, para uso educativo.

3. A vivenda de mestres do CEIP A Canicouva (cód. 36010162) do que se solicita desafectación non é necesaria para o uso educativo ao que está destinada, coa condición de que as actuacións que poidan levarse a cabo posteriormente sobre a edificación, máis alá das medidas de seguridade e protección que poidan adoptarse temporalmente, terían que orientarse a unha futura demolición da construción, ca

Edificio Administrativo

San Caetano, s/n

15781 Santiago de Compostela

www.edu.xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Xacobeo 21-22

consecuente recuperación do espazo ocupado coma patio do centro e zonas exteriores, ou ben coma ámbito dispoñible para futuras actuacións edificatorias educativas, tal e como consta nos preceptivos informes que obran no expediente.

4. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos é competente para resolver a autorización previa á desafectación, de conformidade co artigo 29.1.i) do Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG do 4 de xullo de 2022).

Por tanto antecede, **RESOLVO**:

Conceder a autorización previa á desafectación da vivenda de mestres do CEIP A Canicouva, do Concello de Vigo (Pontevedra).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Alzada ante do Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes dende a súa notificación, de conformidade co artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das